
Julio I. González Montañés, Anxo Angueira e Ramón Mariño Paz (eds.), *Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2019, 186 páxinas.

Data de recepción: 30/09/2020 | Data de aceptación: 21/10/2020

A monografía *Entremés galego ao feliz parto da nosa raíña (1707)*, editada ao cuidado de Julio I. González Montañés, Anxo Angueira e Ramón Mariño Paz, foi publicada no ano 2019 por Edicións Laiovento. A obra conta con catro capítulos especializados en aspectos sociolingüísticos e literarios concretos do texto escrito por Salvador Francisco Roel. Primeiramente, González Montañés ofrece unha aproximación ao contexto histórico, teatral e festivo en que se desenvolve a composición do antedito documento. O volume de 186 páxinas contén no seu interior a edición do texto e tamén unha copia do manuscrito orixinal. Outrosí, as dúas últimas seccións están focadas no estudo do *Entremés* tanto desde o plano literario como desde o plano lingüístico.

Conforme acaba de ser sinalado, o primeiro estudo é da autoría de Julio I. González Montañés e intitúlase “Contexto histórico, teatral e festivo” (pp. 7-52). Nel explícase como, nun momento de inestabilidade da monarquía española, a chegada ao mundo do príncipe Luís Fernando aseguraba a dinastía dos Borbóns no trono da España. Por este motivo, as vilas e cidades galegas foron chamadas a festexaren o acontecemento. Con todo, nese mesmo ano xa foran celebrados outros dous eventos de relevante importancia para os monarcas do momento: a noticia da gravidez da raíña e a vitoria na batalla de Almansa. As celebracións consistían principalmente na queima de fogos de artificio, touradas e representacións teatrais, aínda que tamén lle fose solicitado á cidadanía a súa colaboración para engalanar as rúas e as casas. Por outra parte, cómpre destacarmos que a celebración dos ditos eventos contribuíu para a causa de Filipe V tras o *annus horribilis* que fora 1706. Neste sentido, o teatro, que historicamente fora empregado para a promoción de ideais, serviu de propaganda para os Borbóns a través das pezas representadas, aínda que non fose o único xénero literario empregado nesta batalla propagandística entre os austracistas e os borbóns: como indica González Montañés (p. 20), “Almansa e o nacemento do príncipe Luís proporcionáronlles aos borbónicos argumentos e a ocasión para lanzar un contraataque propagandístico no que se utilizaron os sermóns, a poesía, as festas, o teatro popular, a música (villancicos), a pintura, as Relacións e os papeis políticos e satíricos”.

Os festexos, segundo ben sinala García Montañés, non só se levaron a cabo nas principais cidades galegas (A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense), senón que outras vilas máis pequenas como Vigo, Ribadeo ou Viveiro foron partícipes da celebración. En calquera caso, todas as localidades escolleron o teatro como un dos espectáculos principais por mor do afán monárquico en se publicitar. Durante as celebracións, que mesmo chegaron a durar semanas, o público gozou da representación de todo o tipo de pezas teatrais, mais cómpre destacarmos aquí as Historias. Estas pezas foron descritas por D. Antonio Cernadas de Castro no prólogo do auto titulado *Débora victoriosa y la triunfante Jahel* (1763), tal e como recolle González Montañés (p. 26) da seguinte maneira: “especie de representación de que usan algunas Poblaciones cultas de Galicia para solemnizar sus más principales fiestas”. As Historias eran interpretadas polos gremios existentes en cada vila e foron moitas as representadas durante os festexos polo natalicio do príncipe borbónico. Neste curso de representacións é onde tamén se levou a cabo o texto que ocupa o interese da obra que está a ser recensionada, pois Salvador Roel compón a peza debido aos festexos polo nacemento do príncipe Luís Fernando que tiveron lugar na Coruña. Ao se tratar este primeiro capítulo dunha visión contextual da peza de Salvador Roel, González Montañés non dubida en incluír unha pequena subsección en que explica a relación do antedito *Entremés* coa Guerra de Sucesión que se estaba a liberar no momento da composición (pp. 39-42). Por tanto, non vira estraño vermos como os protagonistas masculinos da obra comentan e comparten co público numerosas referencias ao conflito. Deste xeito, Afonso vai incidir na escasa preparación da milicia para loitar e tamén na deficiencia do material de que a milicia dispón, para que, finalmente, Alberte acabe apelando á disposición do pobo galego para se unir á causa. Os protagonistas, conscientes das capacidades do exército castelán, expresan o seu temor ante unha posíbel invasión do exército portugués. O feito de apareceren alusións negativas aos portugueses por parte dos personaxes demostra a propaganda antiportuguesa que os borbónicos fixeran. Nesta liña, resulta interesante, a pesar da argumentación borbónica que caracterizaba negativamente as persoas naturais de Portugal, que na Galiza houbera adeptos ao arquiduque e que mesmo se chegasen a organizar nun *partido portugués*, como sinala González Montañés (pp. 43-52).

A seguir, figura a “Edición do texto” (pp. 53-94). Nesta sección, o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Ramón Mariño Paz desenvolve un criterios traballo de da obra que vén de ser analizada dun punto de vista contextual, rigoroso e profundo e ao mesmo tempo moi conservador e respectuoso co texto. O docente e investigador da USC inclúe nestas páxinas o impreso orixinal, que é facilitado a través dunha reprodución fotográfica. Mariño Paz indica que a súa intervención se centrou principalmente na puntuación do texto e deste xeito

facilitar a comprensión da lectura. Os signos de interrogación e exclamación foron adaptados, mais, polo contrario, a acentuación e a separación das palabras non foi editada de forma xeral, aínda que se poidan atopar pequenas excepcións. O mesmo ocorre coas letras maiúsculas e minúsculas e cos signos gráficos, que só modificados cando as características do texto o exixían.

A edición do texto e o facsímile son o preludio dun novo capítulo en que Anxo Angueira realiza o “Estudo literario” (pp. 95-126) da mesma peza teatral. A descuberta da obra por parte de Julio I. González Montañés, que agora se encontra na Biblioteca Nacional de España, é, de acordo coas palabras de Anxo Angueira (p. 97), “un dos feitos de maior transcendencia para a investigación da historia da literatura moderna e contemporánea”. O profesor da Universidade de Vigo tamén afirma que o antedito documento cuestiona o relato historiográfico galego canto aos Séculos Escuros. O corpo da obra está escrito en verso, o cal, por súa vez, se divide en dúas grandes escenas en que non hai acción, nin protagonistas e tampouco desenlace, pois estamos diante dun entremés cervantino. En calquera caso, contén seis personaxes: tres masculinas (Alfonso, Cristobo e Alberte) e tres femininas (Irena, Marta e Cataliña). Outrosí, é interesante o feito de que Francisco Roel empregue a lingua galega nos seus versos, mais aínda é de maior relevancia que non sexa unha lingua vulgar, senón unha lingua axeitada á caracterización das personaxes. No tocante ao contido e temas do *Entremés*, existe unha coincidencia xeral entre esta peza e outros entremeses do momento que, en palabras do propio Angueira, responde a “un estereotipo teatral propio [...] da tradición teatral galega” (p. XX). Neste sentido, Alberte vai introducir o motivo do que estamos a falar: a posición política e bélica de Portugal vista desde a Galiza. Por súa vez, “O Portugués” vai ser a representación da posición política e bélica de Portugal na Guerra de Sucesión. Nas liñas que compoñen o texto, os portugueses son presentados como persoas fachendosas, presuntuosas e desafiantes. Nunha mesma liña, é significativo o contraste de personalidades que se establecen entre os portugueses e os galegos e que ben indica o profesor da Universidade de Vigo, unha comparación en que os galegos son caracterizados pola súa bravura, mais tamén pola facilidade na súa doma, como se se tratasen de bois. Angueira introduce, aquí, unha idea fundamental do *Entremés* de Roel que máis adiante incluírá Xoán Manuel Pintos na súa obra, cal é a coñecida expresión “Galicia boi de palla”.

Como acabamos de ver, neste texto existe unha función claramente propagandística, mais tamén se pode atopar crítica, propia do xénero literario. Francisco Roel vai empregar o humor para introducir determinados temas que teñen a ver co cumprimento ou non das normas e ideoloxías do Estado. Ese mesmo humor carnavalesco verémolo nas ofrendas que as seis personaxes teñen intención de faceren ao príncipe que acaba de nacer. Nese ofertorio existen tamén pequenas

diferenzas de xénero: en canto os homes se decantan por ofrendas do mundo gastronómico (viño e comida), as mulleres van ofrecer roupa e alimentos para o pequeno príncipe. En calquera caso, as seis personaxes coinciden en ofrecerem máis do que as súas posibilidades lles permiten; de acordo con Anxo Angueira (p. 123) os seis tipos “están coincidindo en quererem expresar a riqueza de Galicia da primeira metade do século XVIII”. O traballo remata cunha afirmación en que Angueira sinala que a posición propagandística de Francisco Roel era moderada e que, por tanto, se modula durante todo o *Entremés*.

Deseguida vén o último capítulo que contén un amplo “Estudo lingüístico” (pp. 127-166) asinado por Ramón Mariño Paz sobre a obra de Roel. No inicio desta sección, o profesor da Universidade de Santiago de Compostela establece dous obxectivos principais: acrecentar o coñecemento do galego medio e indagar na historia de Francisco Roel desde unha óptica intelectual. Durante os denominados Séculos Escuros a produción literaria en galego foi mínima, se tivermos en conta outras literaturas veciñas ou o carácter monolingüe do pobo galego. Como quer que sexa, a última descuberta de Julio I. González Montañés deixaron patente a existencia dun teatro en galego que era descoñecido até o momento, pois o *Entremés* que está a ser tratado nestas liñas, é en palabras do propio Ramón Mariño Paz (p. 130) “a máis antiga obra teatral impresa en galego que na actualidade coñecemos”. Para podermos entender mellor a lingua do texto de Roel, Mariño Paz leva a cabo un laborioso traballo lingüístico en que caracteriza cada un dos trazos lingüísticos que contén a antedita peza teatral. Esta análise corroborará se cabe máis aínda unha cuestión ben sabida polos lingüistas galegos e que ten a ver co influxo das pautas de escrita do español no galego: por exemplo, inclúese unha referencia ao emprego de <j> e <g> para representar a fricativa prepalatal sonora e que demostra que “a súa continuidade achaba respaldo na utilización que o castelán seguira facendo das dúas letras citadas” (p. 135). De todos os modos, dentro do plano lingüístico, chama a nosa atención o foco que Mariño Paz pon sobre a variedade lingüística de Francisco Roel, que nos permitirá localizar a obra no espazo e no tempo: logo de analizar todos os trazos lingüísticos existentes, o profesor da Universidade de Santiago chega a conclusión de que a lingua empregada por Francisco Roel é propia da cidade da Coruña.

En síntese, os tres artigos e a edición do texto que compoñen a presente obra dan conta do que foi o *Entremés* de Francisco Roel e o notábel grao de coñecemento que proporcionou a súa descuberta á lingua galega. Por todo o exposto, consideramos que este volume é de interese para todas as persoas que pretenderen achegarse ao coñecido como Galego Medio e máis concretamente á lingua do teatro dos denominados Séculos Escuros. Os tres autores contribúen para o estudo da cultura e lingua galega a través dun traballo que nos permite relacionar o contexto histórico

coa peza teatral, para nos acabar ofrecendo un estudo lingüístico rigoroso dunha obra redixida no Galego Medio. Por súa vez, a edición dá luz ao primeiro texto autónomo conservado coñecido impreso en galego até o de agora e que é mesmo anterior aos sonetos de Juan Gómez Tonel e Pedro Vázquez de Neira. En definitivo, corresponde a unha publicación que nos facilita valorizarmos con máis datos a nosa cultura e lingua dunha época da cal, grazas a traballos como este, se vai conseguindo ter un maior coñecemento lingüístico e literario.

Yolanda Gallardo Silva

